

ANEXO VI: MODELO DE DOCUMENTO “PLAN DE CONTINXENCIA DO CENTRO EDUCATIVO”

O Plan de Continxencia do CEIP Plurilingüe “San Marcos” ten por finalidade establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun gromo que supoña o cese da actividade presencial nun aula/etapa educativa/centro.

ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓN DUN GROMO

1. Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.

2. Diante dun suposto no que unha persoa ou alumno da que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo seguirase o presente plan de continxencia e levarase a un espazo separado de uso individual, colocaráse unha máscara cirúrxica (tanto ao que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado), e contactarase coa familia, no caso de afectar a alumnado.

3. Débese chamar ao centro de saúde de Atención Primaria de referencia, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.

3. No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de coronavirus nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19 incluírá na aplicación informática a información prevista do eventual afectado/a relativa aos contactos estreitos, dos compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado, así como de quen sexa persoa próxima vencellada ao centro educativo.

5 A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico. Se non houberse cita para ese mesmo día, acudirá ao PAC para a valoración polo médico de atención primaria.

6. Tras a aparición dun caso diagnóstico da Covid 19 seguiranse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que teña que estar illada unha parte do centro educativo (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada gromo.

7. A autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación, a través do **Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia** determinará en cada caso o número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena o que se comunicará ao equipo COVID do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.

8. A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade

9. A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en corentena de polo menos 10 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto estreito.

10. A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia. Aos efectos de determinación do nivel de risco a autoridade sanitaria poderá volver a avaliar o pase ao nivel de riscos NR 2 para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible.

ACTUACIÓNS PARA O PERIODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

11. O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través da aula virtual de cada grupo. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo profesorado ou ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen co contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

12. O equipo COVID do centro identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión o falla de equipamento para que a consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.

13. Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.

14. Durante o período de suspensión da actividade presencial o centro educativo ten previstas as seguintes medidas:

- a) Traballo a través das aulas virtuais en 3º e 4º de primaria
- b) Traballo a través da plataforma E-Dixgal en 5º e 6º de primaria
- c) Traballo a través dos blogs correspondentes en Educación Infantil e 1º e 2º de primaria
- d) Videoconferencias
- e) Intercambio de comunicación a través dos correos electrónicos.

MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL

15. Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro realizarase unha planificación do retorno a actividade presencial.

Esta reincorporación será a determinada polas autoridades sanitarias pertinentes.

PLAN DE CONTINXENCIA ANTE PECHES DE AULAS OU CENTROS EDUCATIVOS NO CONTEXTO DA COVID-19

“Resolución conxunta da Secretaría Xeral Técnica e da Secretaria Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se aproba o Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos no contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021.”

Ante a posibilidade dun peche parcial ou total é importante ter organizado o plan de traballo para que a actividade docente siga o seu curso e se desenvolva da mellor maneira posible.

Este centro manterá a mesma organización das sesións que ten agora mesmo pero as sesións terán outros tempos sempre que sexa posible e cada sesión terá unha duración mínima de trinta minutos.

Este centro é de xornada partida, co que hai unha franxa de mañá, de 9.45 a 13.15 horas e outra de tarde de 15.00 a 16.30 horas pero se se chega a dar unha situación de confinamento as sesións faríanse en horario de mañá, de 9.00 a 14.00 horas sempre que fose posible.

METODOLOXÍA NA MODALIDADE DE ENSINO NON PRESENCIAL de 3º a 6º

Quedaría da seguinte maneira

1ª sesión 9.00-9.50

2ª sesión 9.50-10.40

3ª sesión 10.40-11.30

Descanso 11.30-11.55

Plan Lector 11.55-12.20

4ª sesión 12.20-13.10

5ª sesión 13.10-14.00

Cada sesión durará como mínimo trinta minutos.

Cada titor ou titora realizará unha reunión virtual coas familias para darlles a coñecer este plan de traballo e explicarlles como se vai desenvolver a actividade docente.

O CEIP Plurilingüe “San Marcos ten adquirido un dominio “@ceipsanmarcos”, dende xa hai varios anos. Este dominio permitiu durante todo este tempo proveer ao alumnado dunha conta de correo electrónico segura e continuamente tutelada polo administrador que evita tanto o emprego irregular da mesma como o envío de correos con palabras ofensivas. Este dominio permite igualmente o uso de todas as ferramentas de google moi útiles para o traballo cooperativo (por exemplo drive). Durante o confinamento anterior empregamos esta vía tanto para vídeo conferencias co alumnado como para comunicacións internas.

Polo tanto e dado que temos comprobado que funciona adecuadamente para as video conferencias, comunicacións, “chats” e traballo cooperativo seguiremos a empregar este medio.

As comunicacións coas familias seguiranse a facer, como ata o de agora, a través da páxina web, da plataforma ABALAR , de correo electrónico ou telefonicamente, segundo necesidade.

Os equipos docentes de 1º e 2º así como o de Educación Infantil teñen o seu propio plan de traballo que achegamos a continuación.

O equipo de orientación seguirá atendendo ás necesidades do alumnado e serán supervisados pola orientadora, que, como xefa do departamento, organizará as atencións e atenderá a posibilidade de novas necesidades.

Somos conscientes de que cada grupo ten unhas necesidades diferentes e que poden xurdir moitas necesidades e tamén moitas problemáticas que intentaremos ir solucionando segundo se vaian presentando.

O maior problema co que nos atoparemos neste centro en caso de confinamento vai ser a conectividade. Na maioría dos fogares teñen equipos

(aínda que en moitos casos compartidos) e case todos teñen tamén conexión a internet. Pero somos conscientes e sabedores de que esta non é, nin moito menos, o efectiva que nos gustaría e que precisaríamos.

Esta é unha problemática que xa xurdiu no confinamento e que non foi posible de solucionar. Houbo que recorrer a chamadas telefónicas, correos e incluso fotocopias e mensaxería para poder seguir traballando. De darse a mesma situación, é o único que podemos facer.

METODOLOXÍA NA MODALIDADE DE ENSINO NON PRESENCIAL EN E.I.

No caso dunha ensinanza non presencial promovida pola pandemia COVID – 19, e en base ás diversas instrucións achegadas por parte da nosa Consellería, o ciclo de Educación Infantil continuará o proceso de ensinanza – aprendizaxe mediante o emprego **do blog** “*Supercoidadores do Planeta*”, creado xa durante o curso pasado para tal fin. Mediante este recurso compartíranse diariamente propostas de diversas temáticas e ámbitos (Proxecto Documental Integrado de centro “*Dámoslle unha volta á Terra?*” centrado este curso escolar na investigación dos ecosistemas terrestres, arte/música, psicomotricidade, inglés, relixión, valores e outros programas/proxectos de centro), abordando así de xeito globalizado os diversos aspectos e contidos do noso currículo regulado polo Decreto 330/2009 do 4 de xuño de 2009.

Ademais empregárase o **correo electrónico de ciclo infantil@ceipsanmarcos.es** para o “feedback” ou chegada das diversas propostas e comunicacións relacionadas coas actividades propostas, e deste xeito, favorecer un seguimento do noso alumnado.

Tamén cabe destacar que o resto de comunicacións e intercambios de información se realizarán mediante o **correo corporativo do centro** co que conta cada un dos mestres/as co dominio “*@ceipsanmarcos.es*”, así como a través da **ferramenta “Espazo Abalar”**.

Para finalizar dito documento é importante destacar que cada titor/a, tendo en conta a casuística da súa aula (familias e alumnado), e chegado o momento dun

posible confinamento total ou parcial, convocará unha **reunión virtual** para dar a coñecer todos e cada un destes aspectos citados e referidos ao desenvolvemento das nosas tarefas docentes. Para a realización de dita reunión virtual poderán empregarse ferramentas como **“Google Meet”** mediante o dominio corporativo de centro co que cada mestre/a conta.

METODOLOXÍA NA MODALIDADE DE ENSINO NON PRESENCIAL EN 1º E 2º DE EP.

Os horarios que se expoñen a continuación están previstos por si volve a haber confinamento por mor do COVID-19. Son os seguintes:

1ºEP					
HORA	LUNES	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1ª	MATE	MATE	MATE	MATE	MATE
2ª	LENGUA	LENGUA	LENGUA	LENGUA	NATURAIS
3ª	LINGUA	LINGUA	LINGUA	LINGUA	PLÁSTICA
4ª	SOCIAIS	NATURAIS	SOCIAIS	INGLÉS	SOCIAIS
5ª	E.FÍSICA	MÚSICA	E.FÍSICA	INGLÉS	VALORES/ RELIXIÓN

2º EP

HORA	LUNES	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1ª	MATE	MATE	MATE	MATE	MATE
2ª	LENGUA	LENGUA	LENGUA	LENGUA	MÚSICA
3ª	LINGUA	LINGUA	LINGUA	LINGUA	PLÁSTICA
4ª	C.SOCIAS	C.NATURAIS	C.SOCIAS	C.NATURAIS	INGLÉS
5ª	V/R	E.F.	V/R	E.F.	INGLÉS

Antes de levar a cabo este horario e este tipo de traballo, levarase a cabo unha reunión con todas as familias dos cursos, de xeito telemático, para informarles de como se vai levar a cabo o proceso. O resto das titorías levaranse a cabo de luns a venres ata as 16:30 horas, máis tarde dese horario non se aceptarán máis.

Cómpre sinalar tamén que no primeiro curso de Educación Primaria as tarefas entregaranse do seguinte xeito: **os mércores serán entregadas as tarefas dos luns e dos martes**, e **os venres pola tarde e os sábados ata as 12:00 serán entregadas ás dos mércores, xoves e venres**. No segundo curso de Primaria entregaranse entre os venres e os sábados ata as 12:00 am (as de toda a semana). As tarefas enviaranse ao correo electrónico do colexio persoal dos mestres; a dirección dos mesmos sempre remata en @ceipsanmarcos.es.

Cando as tarefas sexan enviadas, no asunto do correo, deberá aparecer o nome e apelidos do alumno que o envía, a asignatura das tarefas e o curso no que estudia o alumno que os envía. As tarefas de Plástica serán expostas no blog de Inglés.

PROTOCOLO COVID-19 DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN NO CASO DUN CONFINAMENTO DOMICILIARIO

A labor docente dos especialistas de Audición e Linguaxe e Pedagogía Terapéutica seguirá o mesmo horario que o establecido na modalidade presencial.

Con respecto ao alumnado atendido en Educación Infantil e do primeiro ciclo de E. Primaria, os pais e/ou coidadores deberán ser os responsables de abrir a sesión de videochamada co especialista correspondente para recibir a intervención establecida no seu horario.

Con respecto ao alumnado atendido en segundo e terceiro ciclo de Educación Primaria, poderán eles mesmos de maneira autónoma ou con axuda quenex sexan responsables de abrir a sesión de videochamada co especialista que lle corresponda.

No caso de ter un alumno con apoio individualizado fora ou dentro da aula, o especialista de Audición e Linguaxe e Pedagogía Terapéutica acompañará ao alumno con neae nunha sesión individual de videochamada cando remate o tempo de explicación da titoría (40% da sesión) e comece o tempo de traballo (60%).

No caso de ter varios alumnos atendidos dentro da aula, o especialista de Audición e Linguaxe e Pedagogía Terapéutica realizará unha sesión grupal de videochamada no tempo de traballo (60%) para axudarlles a realizar o traballo encomendado polo titor/a.

As sesións de reunión do Departamento de Orientación manteranse semanalmente dentro do mesmo horario para garantir a coordinación dos especialistas.

O horario da xefa do Departamento de Orientación manterase nas mesmas condicións que en modalidade presencial.

Intervención por parte dos mestres especialistas e da xefa do D.O

Os programas de intervención dos mestres especialistas perseguirán os mesmos obxectivos que na modalidade presencial, se ben haberá cambios na metodoloxía e deseño das actividades.

En canto as actividades levadas a cabo polos especialistas poderanse deseñar diferentes tipos de actividades en liña, fichas de traballo que serán

enviadas aos correos dos alumnos, actividades para realizar nos seus cadernos, traballos de exploración do medio, proxectos de investigación con elementos que poden atopar nas súas vivendas, e exercicios de praxias, punto de articulación correcto, actividades comunicativas no caso da especialista en Audición e Linguaxe

En canto ás actividades levadas a cabo pola xefa de departamento:

Atención ás familias do alumnado con neae a través de chamadas telefónicas ou videochamadas, e correos electrónicos para proporcionar orientación as necesidades que observen nos seus fillos, entrevistas para a obtención de datos para a avaliación psicopedagóxica, e información sobre os resultados das exploracións.

Atención aos titores, a través de chamadas telefónicas, videochamadas, mensaxes de texto, e correos electrónicos para proporcionar pautas de actuación con respecto á intervención co alumnado con neae e outras necesidades que poidan xurdir, entrevistas para a obtención de datos de cara a avaliación psicopedagóxica, e información sobre os resultados das exploracións.

Atención aos mestres de AL e PT, deseñando conxuntamente actividades de intervención, asesoramento e pautas de actuación co alumnado con neae; realización de reunións semanais para a correcta coordinación da intervención co alumnado.

Atención ao alumnado con neae: Realización de avaliación psicopedagóxica e informe psicopedagóxico en función das entrevistas levadas a cabo coa familia e cos docentes e a observación dos traballos do alumno; realización de seguimento semanal do alumnado con neae atendido polos especialistas de AL e PT.

Avaliación dos mestres especialistas e da xefa do D.O

O resultado da intervención por parte dos especialistas de AL e PT será plasmada nun informe a finais de curso que indique o tipo de actividades desenvoltas, a realización do traballo do alumno, os resultados da intervención, e propostas de mellora.

Os mestres de AL e PT deberán dar conta das faltas ás sesións de videoconferencia do alumnado intervido e estas serán reflexadas no informe final.

A través das sesións semanais de departamento se avaliará o bo desempeño dos programas de intervención. A orientadora recollerá todas as observacións.

A finais de curso a orientadora redactará a Memoria do Departamento a cal reflectira as dificultades atopadas, as solucións que se puxeron en marcha e haberá un apartado de propostas de mellora.